

*Para rematar este curso tan rariño que tivemos déixovos unha canción ben bonita para que aprendades, que fala de lugares que temos aquí cerca, mesmo no noso concello. Neste vídeo podedes ver fotos antigas e modernas destes lugares ao tempo que escoitades a canción:*

<https://www.youtube.com/watch?v=JUginFxKiUE>

*Outra versión (se cadra algún de vós coñece a Jose Carballido, que foi profesor na nosa escola):*

<https://www.youtube.com/watch?v=JUginFxKiUE>

*E a última versión, outra vez do grupo Luar Na Lubre:*

<https://www.youtube.com/watch?v=IcURCdrBXvE>

*Na seguinte páxina queda a letra*

*Felices vacacións!*

## ***Camiño de Caión***

***Vou camiño de Caión  
Parolando cunha nena  
Ai la la la  
La la laaaa  
Vou camiño de Caión  
Parolando cunha nena  
Ai la la la  
La la laaaa  
Que me alegra o corazón  
Mirarme nos ollos dela***

***Eu son mariñeiro  
De Caión eu son  
Pesco de Malpica  
Ata a praia de Sabón***

***Ai lara la la  
Ai lara la la  
Ai lara lala la la  
Lala lala lala la  
La la la la la la***

***Sempre me colle-las redes  
Sentadiña na ribeira  
Ai la la la  
La la laaaa  
Sempre me colle-las redes  
Sentadiña na ribeira  
Ai la la la  
La la laaaa  
Por iso che quero tanto  
Miña nena mariñeira***

***(retrouso )***

***Cando veño de pescar  
Vou cantando na ribeira  
Ai la la la  
La la laaaa  
Cando veño de pescar  
Vou cantando na ribeira  
Ai la la la  
La la laaaa  
Xa me espera miña nai  
Co caldiño na lareira***